Na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de



Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Vista asimesmo a acta de replanteo previo de data 11/04/2024 con (csv: THYNLNOQBQIN7HBV).

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, visto o informe da Secretaría Xeral, de data 01/04/2024 polo que se informa favorablemente o expediente.

Con data 03/04/2024 remítese o expediente ao servizo de intervención para a súa fiscalización.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención con data 19/04/2024 polo que se informa o expediente indicando que para que este se poida entender favorable deben terse en conta e solventarse as observacións postas de manifesto no mesmo en particular a recollida no punto 2 do mesmo. En todo caso, de continuar coa tramitación do expediente, a súa aprobación debe quedar condicionada á obtención de todos os permisos e autorizacións que faltan.

Ditas observacións son as seguintes

1.- (*) *En dito informe sinalase que, tras a análise pormenorizada das 9 actuacións a realizar, se recuperan 2 das actuacións (Museo e Castelo de Soutomaior) porque “parece que las comunicaciones previas y las autorizaciones sectoriales se pueden obtener en tiempo y forma”. No seu día ditas actuacións foron rexeitadas por ese motivo, polo que incidir que deben tramitarse os expedientes co máximo rigor posible para evitar este tipo de situacións irregulares.*

2.- (**)*De acordo co recollido no informe complementario do enxeñeiro do Servizo de Cooperación, de data 15 de abril de 2024 (CSV: JEMQDBRJZ0AXLRZF), no que respecta aos permisos, precísase autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na actuación do Castelo de Soutomaior, a cal se atopa actualmente en trámite. Así mesmo, a data de hoxe, está en tramitación o pago das taxas do Castelo de Soutomaior e do Museo de Pontevedra, sendo preciso, nese último, o transcurso dos 15 días hábiles para a constitución título habilitante, xa que a comunicación se efectuou o pasado 15 de abril de 2024. Ademais, no que atinxe ao Castelo de Soutomaior, e efectuada no seu día a comunicación previa, está pendente de aclararse polo Concello a necesidade ou non de licenza en función da autoliquidación presentada. Ante esta situación, no que é imprescindible contar con todos os permisos e autorizacións de todas as actuacións, non se pode iniciar o contrato se faltase algunha delas, posto que este se tramita conxuntamente (e non por lotes) e, tendo en conta a demora e os prazos de execución (aínda que prorrogados), cabe advertir do risco de perda da subvención e da posible esixencia de responsabilidades e os prexuízos económicos que suporía para esta Administración. Ademais, sería convinte recoller nos pregos que a Deputación se reserva a facultade de renunciar á adxudicación do contrato no caso de que non sexa posible o cumprimento dos prazos de execución do proxecto.*

3.- *Para dar cumprimento, entre outros, aos principios de eficiencia e economía na xestión dos fondos públicos, entendemos que o recomendable é ter realizado, con carácter previo á tramitación do expediente, a correspondente análise e estudio económico tendo en conta, como mínimo, as variables sinaladas, no seu día, nos informes de Intervención (CSV: BY1V51PNMOKNV89D e P95HM65FKA9KFDYM), incluíndo a estimación dos futuros custes de mantemento, as ampliacións de potencia (tanto a estimación do custe de contratación inicial coma o custe que suporá mensualmente para cada centro xestor) e a posible redución dos custes en carburantes da flota de vehículos da Deputación, no seu caso. Asemade debe*



terse en conta a obriga do cumprimento do prazo de execución do proxecto subvencionado no caso de demora na tramitación dos expedientes de ampliacións de potencia que sexan necesarios.

4.- (***) Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.

5.- Á vista dos prazos recollidos na resolución de concesión da axuda e da prórroga dos prazos de execución, a tramitación do expediente proposta na providencia de inicio do expediente (CSV: 3GHP5TXKJPLG122H) mediante trámite de urxencia non está xustificada, motivo polo cal no expediente se sigue a tramitación ordinaria.

6.- Na cláusula 10.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económicoadministrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio. Ademais debe terse en conta que, durante a execución dos traballos, debe verificarse o cumprimento da aplicación das normas UNE ou equivalentes que se recollen como subcriterios, no caso de que a empresa adxudicataria os ofertase.

7.- No apartado 1 do Acordo da Xunta de Goberno do día 18 de marzo de 2024 (nº 10.33503), polo que se aproba o proxecto existe un erro na data (13/10/20 en lugar de 13/10/23) que se debería corrixir.

8.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.

Tendo en conta así mesmo que pola intervención se informa que nas aplicacións 24/232.4250.623.02.2023 (57.596,00 €), 24/333.4250.632.02.2023 (10.511,27 €), 24/413.4250.623.02.2023 (35.253,31 €), 24/942.4250.623.02.2023 (Viveiro Barro-30.172,55 €), 24/456.4250.623.02.2023 (128.702,33 €), 24/433.4250.623.02.2023 (32.330,45 €) 24/410.4250.623.02.2023 (23.025,45 €) e 24/942.4250.623.02.2023 (Viveiro Lalín-12.815,11 €) do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Do importe total, o 70/80% é financiado polo Inega (Fondos NextGenerationEU) e o 30/20% restante, segundo a actuación, con cargo a fondos propios da Deputación.

De conformidade coa dilixencia emitida polo Director do proxecto D. Fernando Perez Albalate faise constar que as instalacións de recarga de vehículos eléctricos son para uso exclusivo da flota de vehículos da Deputación de Pontevedra.



Tendo en conta que o prego de cláusulas económico-administrativas informado pola intervención se modificou recollendo na cláusula 1 que a Deputación se reserva a facultade de renunciar á adxudicación do contrato no caso de que non sexa posible o cumprimento dos prazos de execución do proxecto.

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), e as especialidades establecidas no art 50 do RD-L 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos establecidos na LCSP, para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade por exceso, coas salvidades sinaladas en ditos artigos, e sen prexuízo do prazo que expresamente se conceda para a presentación de ofertas.

Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Ley 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcurrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación , mediante procedemento aberto das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU). O proxecto consta de 8 actuacións que son as seguintes:

Nº	Nº expediente INEGA	Actuación	Orzamento base licitación (IVE excluído)	Importe IVE (21%)	Total
1	IN421R-3527	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Centro Príncipe Felipe de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 132 KW)”</i>	47.600,00 €	9.996,00 €	57.596,00 €
2	IN421R-3530	<i>Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao edificio Castelao “Museo de Pontevedra” dun punto simple de recarga de 22 kw.</i>	8.687,00 €	1.824,27 €	10.511,27 €
3	IN421R-3532	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Estación Fitopatolóxica Areeiro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	29.134,97 €	6.118,34 €	35.253,31 €
4	IN421R-3533	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Barro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	24.935,99 €	5.236,56 €	30.172,55 €



5	IN421R-3534	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Parque de Maquinaria da Excm. Deputación de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un e de dous puntos simples de recarga de 50 KW cada un (Total 232 KW)”</i>	106.365,56 €	22.336,77 €	128.702,33 €
6	IN421R-3536	<i>Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Castelo de Soutomaior de dous puntos de recarga dobre de 44 kW cada un</i>	26.719,38 €	5.611,07 €	32.330,45 €
7	IN421R-3538	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Finca Mouriscade de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	19.029,30 €	3.996,15 €	23.025,45 €
8	IN421R-3539	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Lalín dun punto de recarga dobre de 44 KW (Total 44 KW)”</i>	10.591,00 €	2.224,11 €	12.815,11 €

3.-Autorizar o gasto por importe de 330.406,47 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias

Centro	Orzamento total (IVE engadido)	Aplicación orzamentaria
Centro Príncipe Felipe	57.596,00 €	24/232-4250-623.02.2023
Museo de Pontevedra	10.511,27 €	24/333.4250.623.02.2023
EFAreiro	35.253,32 €	24/413-4250-623.02.2023
Viveiro empresas Barro	30.172,54 €	24/942-4250-623.02.2023
Parque Maquinaria Barro	128.702,32 €	24/456-4250-623.02.2023
Castelo de Soutomaior	32.330,45 €	24/433.4250.623.02.2023
Finca Mouriscade	23.025,46 €	24/410-4250-623.02.2023
Viveiro empresas Lalín	12.815,11 €	24/942-4250-623.02.2023
Total	330.406,47 €	

4.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: E0AOCZWFYXGHJ40LL) que rexerá dita contratación e o prego de prescricións técnicas (proxecto) con CSV (K16FCCOGP53OL107).



5.- Nomear responsable do contrato ao Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

6.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais contados desde o envío do anuncio a oficina de publicacións da Unión Europea.

A adxudicación do presente contrato quedará condicionada a contar con todos os permisos e autorizacións de todas as actuacións, non podendo iniciarse ningunha das actuacións previstas no contrato se faltase algunha delas, posto que este se tramita conxuntamente (e non por lotes).

18.33710.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EIBISA NORTE, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO "SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA E ADMINISTRATIVA EN TAREFAS DE COLABORACIÓN MATERIAL NA COMPROBACIÓN CENSUAL EN MATERIA DE TAXAS NOS CONCELLOS QUE TEÑEN DELEGACIÓN EXPRESA DESTES TRIBUTOS NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA" (Expte.2021005329) (Devogarán 2024023372).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 11 de febreiro de 2022 (CSV.- S7FYRSM0V9NZCXS7), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do servizo de "Asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos concellos que teñen delegación expresa dos mesmos na Deputación de Pontevedra". (Expte. 2021005329).

Para responder da realización deste servizo, a empresa EIBISA NORTE, S.L. (B-15419906), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EIBISA NORTE, S.L. (B-15419906)	11.993,64€	202200018216	01/02/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o ORAL (CSV.- 9BY8VUYLW0URCK6B), no cal sinala que o que procede é a devolución da garantía definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- UK6NHYYTKYEKJB8F), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil EIBISA NORTE, S.L. (B-15419906), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos concellos que teñen delegación expresa dos mesmos na Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2021005329), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola empresa *EIBISA NORTE, S.L. (B-15419906)*, a través de aval emitido pola entidade *BBVA (Inscrito no Rexistro Especial de avais co número 0182001033202)*, para responder de dito contrato por importe de 11.993,64€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 01/02/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200018216.

19.33711.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS (CAU) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2021007082)

Na sesión ordinaria do día 20 de maio de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de servizo do centro de atención ás persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra á empresa *SM Tecnología SLU (CIF B-70.348.990)*, polos prezos e valores ofertados reflexados no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 15 de xuño de 2022, sendo o prazo de duración de 2 anos desde a finalización do período de posta en marcha do contrato e unha vez asinada a correspondente acta de inicio da prestación, prevéndose a posibilidade dunha prórroga de dous anos de duración.

A sinatura da acta de inicio prodúcese con data 16 de xuño de 2022, iniciándose nesa data a prestación do servizo.

Con data 21 de marzo de 2024, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o contrato para a prestación dos servizos do centro de atención ó usuario (CAU) da Deputación de Pontevedra polo período de dous anos, con efectos dende o 16 de xuño de 2024 ata 15 de xuño de 2026.



Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 13 de marzo de 2024 (data de comparecencia: 15/03/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 27 de marzo do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito (CSV: QL9I98JT3Y10MUPE).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 17 de abril do 2024 (CSV: 81Q2ED3RX3XH1JWH), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato dos servizos do centro de atención ás persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra por dous anos, desde o 16 de xuño do 2024 ata o 15 de xuño do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 16 de xuño do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato para a prestación dos “*Servizos do centro de atención ás persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra*” subscrito coa empresa *SM Tecnología SLU* (CIF B-70.348.990), durante o período desde o 16 de xuño do 2024 ata o 15 de xuño do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024 (6,5 meses)	24/926.9260.227.06	94.012,74 €
2025 (12 meses)	25/926.9260.227.06	173.561,99 €
2026 (5,5 meses)	26/926.9260.227.06	79.549,25 €

O importe do gasto correspondente as anualidades 2025 e 2026 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

20.33712.- APROBACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DAS OBRIGAS CORRESPONDENTES ÁS LIQUIDACIÓNS DOS GASTOS PENDENTES DE PAGO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TORRES AMÉRICA A QUE PERTENCE A VIVENDA NA AVDA. DE BADAJOZ Nº 7, 3º A, SITA EN MADRID, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2024010677)

A Deputación de Pontevedra é propietaria da vivenda sita en Avda. Badajoz nº7 piso 3º A de Madrid, con referencia catastral 4673204VK4747D0190YW adquirida por legado testamentario de Dª Mª Alicia Crespi González.

En data 30/01/2024 recibíuse da Comunidade de propietarios Torres de América, á que pertence a vivenda propiedade da Deputación, acta da Xunta Xeral Ordinaria da citada Comunidade celebrada en data 18/12/2023, na que figura entre os asuntos tratados informe de auditoría realizada sobre o estado de contas anos 2019 a 2021 e período 01/01/2022 a 23/08/2022. Detectándose a liquidación de recibos pendentes de pago a data 30/11/2023 nos que figura a Deputación de Pontevedra., cunha cantidade pendente de pago polo importe global de 782,77 €.

En data 19/02/2024 ó administrador da Comunidade de Propietarios Torres de América informa a esta Deputación o detalle dos recibos pendentes de pago co desglose seguinte :

Identificación recibo	Concepto	Período	Importe
100	Cota comunidade e fondo de reserva	maio 2022	167,00 €
101	Gasto auga	maio 2022	30,23 €
102	Cota comunidade e fondo de reserva	xuño 2022	167,00 €
103	Cota comunidade e fondo de reserva	xullo 2022	167,00 €
104	Cota comunidade, fondo de reserva e gasto auga	agosto 2022	251,54 €
TOTAL			782,77 €



Por parte do servizo de contratación efectúase unha revisión de todos os pagos efectuados pola Deputación de Pontevedra á Comunidade de Propietarios Torres de América, comprobándose efectivamente que os gastos indicados na táboa anterior non figuran como pagados, debido a que o administrador da Comunidade non os chegou a remitir a Deputación para efectuar o trámite para o seu pagamento.

Resultando que en data 16/04/2024 pola Intervención emítese documento de Retención de Crédito “RC” certificando a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 24/922.9330.22699 e polo importe que se indica a continuación:

RC Nº OPERACIÓN	DATA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
202400083037	16/04/2024	24/922.9330.22699	782,77 €

Considerando que a base 17ª do orzamento provincial para o ano 2024 establece que nos supostos de fiscalización nos que se detecte que as facturas, ou certificacións non cumpran con algún dos requisitos esenciais esixibles e se os requisitos incumpridos implican a nulidade radical da obriga, procederase ó recoñecemento das obrigas polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito sendo competencia da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, cando exista crédito no orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar polo procedemento e recoñecemento extraxudicial de créditos e declarar de aboamento á Comunidade de propietarios Torres de América (CIF: H78821972) a cantidade global de setecentos oitenta e dous con setenta e sete euros (782,77 €) en concepto de liquidación dos recibos pendentes de pago do ano 2022 correspondentes os gastos de comunidade, da vivenda propiedade da Deputación sita en Avda. Badajoz nº 7, 3º A Madrid, co detalle seguinte:

Identificación recibo	Concepto	Período	Importe
100	Cota comunidade e fondo de reserva	maio 2022	167,00 €
101	Gasto auga	maio 2022	30,23 €
102	Cota comunidade e fondo de reserva	xuño 2022	167,00 €
103	Cota comunidade e fondo de reserva	xullo 2022	167,00 €
104	Cota comunidade, fondo de reserva e gasto auga	agosto 2022	251,54 €
TOTAL			782,77 €

2. Este gasto por importe global de 782,77€ imputarase à aplicación orzamentaria 24/922.9330.22699 do vixente orzamento provincial (RC nº operación 202400083037).



21.33713.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2024025308)

Vista a relación de facturas con número 2024025308, que contén 21 facturas e por un importe de 46.947,17€ e con CSV: F7VVZF7BBXTF9909, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 15/04/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	46.947,17€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	46.947,17€

22.33714.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS PIUEIRO, DO CONCELLO DA GUARDA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REHABILITACIÓN DA SEGUNDA FASE DE VOLANTEIRO GUARDÉS, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 19 DE MAIO 2023. (Expte. 2023023820)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2023, aprobou as Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (acordo núm. 2.32260), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 27 de febreiro de 2023 (BOPPO núm. 40).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria do 19 de maio de 2023 (acordo núm. 4.32646), concederlle á *Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro*, con CIF: G94164167, do *Concello da Guarda*, unha subvención de 6.400,00 € para o desenvolvemento da 2ª fase de rehabilitación de volanterio guardés, con cargo á aplicación 24/332.3322.789.01.2023 do vixente Orzamento provincial.

Con data 8 de abril de 2024, número de rexistro WEB2024023422, a *Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro* presenta renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade de xustificar a dita subvención no prazo establecido na convocatoria.

Con data 9 de abril de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención.

Con data 11 de abril de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 13ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.



RÉXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a *Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piñeiro* presenta, o 8 de abril de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a 2ª fase de rehabilitación de volanterio guardés, ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 9 de abril de 2024 (CSV):YFH94T62YWDYMTGZ, e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 11 de abril de 2024 (CSV):Y8QIH4K735J2TIDS, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aceptar a renuncia da *Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piñeiro* á subvención concedida para a 2ª fase de rehabilitación de volanterio guardés, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023.

Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.

Darlle traslado do presente acordo á *Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piñeiro*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



23.33715.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB BADMINTON TOMIÑO PARA “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (BADMINTON)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 10 DE NOVIEMBRE 2023. (Expte:2023025566)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 27/01/2023 aprobou as bases reguladoras de subvencións para a “*Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023*” (acordo 3.32143) publicadas no BOPPO núm. 42 de 01 de marzo de 2023.

Segundo.- En data 28/03/2023 *Bibiana Álvarez Magallanes*, en representación do *Club Bádminton Tomiño* (NIF:G67655381) presenta solicitude para o “*ámbito inferior ao estatal na modalidade de bádminton*”, achegando un orzamento por importe de 4.100,00 €.

Terceiro.- En data 14/11/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 220 de 15/11/2023 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023 e no que figura o e na contía de 879,15 € para a subvención solicitada.

Cuarto.- En data 16/04/2024 *Bibiana Álvarez Magallanes*, en representación do *Club Bádminton Tomiño* con NIF: G67655381 achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida motivada por non dispoñer de facturas para a xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 17/04/2024 a renuncia presentada polo *Club Bádminton Tomiño* (NIF: G67655381).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.



Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CLUB BADMINTON TOMIÑO (NIF: G67655381) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 879,15 € para a realización “*ámbito inferior ao estatal na modalidade de bádminton*” (documento co CSV: WGVTYX3QTL2XFO4K).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

24.33716.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á SD CLUB MARCOTE PARA “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (XADREZ)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 10 DE NOVEMBRO 2023. (Expte:2023017537)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 27/01/2023 aprobou as bases reguladoras de subvencións para a “*Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023*” (acordo 3.32143) publicadas no BOPPO núm. 42 de 01 de marzo de 2023.

Segundo.- En data 12/03/2023 *Juana M^a Martínez Fernández*, en representación da *SD Club Marcote* (NIF:G36658052) presenta solicitude para o “*ámbito inferior ao estatal na modalidade de xadrez*”, achegando un orzamento por importe de 12.200,00 €.

Terceiro.- En data 14/11/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 220 de 15/11/2023 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023 e no que figura o e na contía de 727,47 € para a subvención solicitada.

Cuarto.- En data 18/04/2024 *Juana M^a Martínez Fernández*, en representación da *SD Club Marcote* con NIF:G36658052 achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida motivada por non dispoñer de facturas para a xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 22/04/2024 a renuncia presentada pola *SD Club Marcote* (NIF: G36658052).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *SD Club Marcote* (NIF: G36658052) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 727,47 € para a realización “*ámbito inferior ao estatal na modalidade de xadrez*” (documento co CSV: LB8MJJQ26ORV98YF).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

25.33717.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DAS ENTIDADES PRESENTADAS, DAS ENTIDADES EXCLUÍDAS, DAS ENTIDADES ADMITIDAS CON OBRADOIRO ADXUDICADO E DAS ENTIDADES ADMITIDAS EN LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” PARA O ANO 2024 (Expte. 2023045215)

1º.- No capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólvense os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”.

2º.- Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

3º.- Por outra banda, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que aseguren a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como o marco de referencia no que se desenvolven as persoas. No artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.



4º.- Neste contexto, a Deputación de Pontevedra co programa “PROVINCIA ACTIVA” asume os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e as situación de soidade non desexadas.

Por Acordo da Xunta de Goberno número 2.33170, do 17 de novembro de 2023 aprobáronse as Bases Reguladoras do programa “PROVINCIA ACTIVA” para o ano 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 14, do 19 de xaneiro de 2024.

5º.- A Base Terceira, entidades beneficiarias, recolle o seguinte:

“Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:

Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra

Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, rexistradas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados

Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores

Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos

Non poderán participar no programa as entidades de iniciativa pública”

6º.- A Base Cuarta relativa ás condicións do programa, recolle entre outros, que “(...)só poderá concederse un obradoiro por entidade(...)”.

7º.- Así mesmo, de acordo co establecido na Base Décimo cuarta, relativa ao procedemento de concesión, os criterios de prelación son os seguintes:

“(...) O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva. No caso de que o número de solicitudes exceda o número de obradoiros ofertados, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:

- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social, dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra

- As entidades que figuren no Rexistro Xeral de Asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas na categoría tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados

- Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas nas anteriores

- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores (...)”

A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes. “

Tendo en conta o anterior, cubrirase de forma inicial un máximo de 130 obradoiros e o resto das solicitudes quedarán en lista de agarda(...)”

8º.- A base segunda, “orçamento e financiación”, recolle que “(...)a contía consignada para este programa é de cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con vinte céntimos (145.916,20 €), con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial (...)”



Establécese que “(...)o programa será cofinanciado pola institución provincial tal e como se especifica a continuación:

- Cada alumna ou alumno aboará a cantidade de sete (7,00) euros por curso
- A Deputación asumirá a cantidade restante que resulte do prezo de adxudicación(...)”

9º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de decembro de 2023 adoptou entre outros asuntos, a aprobación da segunda prórroga do contrato do “*Servizo de Xestión, Desenvolvemento e execución do programa Provincia Activa*” (antes Depo en Marcha, Expte. 2021050862, adxudicado o 1 de abril de 2022, á empresa Xestión Cultural Áurea, S.L., con CIF B36394203, polo prezo unitario por obradoiro de 1.122,43€, IVE incluído). A prórroga será efectiva durante o período desde o 1 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

10º.- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes (26/02/24), través de RP 2024001941 de 8 de marzo de 2024 aprobouse a relación provisional de entidades admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas, que figura no expediente, con CSV: U0CFHPNUZQ2L0AF5.

Así mesmo, de conformidade co establecido na base décima, unha vez publicada a lista provisional concedeuse un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que faltase (ata o 27/04/2024).

En dito prazo detéctase de oficio erro no listado provisional, ao non estar relacionadas seis entidades admitidas con solicitude en forma e prazo. Ditas entidades pasan a incorporarse á relación definitiva de entidades admitidas.

As entidades a incorporar son:

Data de rexistro	Cód. expediente	NIF	Nome completo
29/01/2024	2024004649	G36135754	ASOC DE VECINOS AGUSTIN ROMERO
29/01/2024	2024004654	G36518470	ASOC VECIÑAL E CULTURAL AS MIMOSAS
05/02/2024	2024007154	G36022762	ASOCIACION PARA LA PROTECCION DE LOS ANCIANOS DE LALIN Y COMARCA
08/02/2024	2024008321	G36154649	ASOCIACION DE VECIÑOS DE FAXILDE
08/02/2024	2024008324	G36154813	ASOC VECIÑOS BARRIO DE SARAMAGOSO
22/02/2024	2024012026	G36585883	AS MULLERES EN IGUALDADE DE CAMPOSANCOS



11º.- O prezo unitario por obradoiro é de 1.122,43 € (IVE incluído), polo que a adxudicación de 130 actividades formativas ascende a un total de 145.915,90 € con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

12º.- Con data 18 de abril de 2024, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme, respecto da proposta de aprobación de 130 solicitudes do programa Provincia Activa 2024, (CSV: 352O20Y2E0P2ZUSE), xunto coa relación de solicitudes en lista de agarda (120), (CSV: 3U2P8TLMJUR3K2K3) e excluídas (13), (CSV: 1X81JZS0AATC3S30).

- **NORMATIVA APLICABLE:**
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
 - Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
 - Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
 - Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2024.
 - Bases do programa Provincia Activa 2024.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de 263 entidades presentadas ao programa Provincia Activa 2024.

Segundo. Aprobar a relación de 13 entidades excluídas xunto coas causas de exclusión

Terceiro. Aprobar a relación das 130 entidades con obradoiro adxudicado, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases.

Cuarto. Aprobar a relación de 120 entidades en lista de agarda

Quinto. Publicar as listaxes no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación de Pontevedra.

Os Anexos figuran asinados no expediente cos seguintes CSV:

- Anexo I- Listado total de solicitudes no programa: (CSV): RQK90PP00BAW4438.
- Anexo II- Listado de 130 entidades con proposta de adxudicación: (CSV): 352O20Y2E0P2ZUSE.
- Anexo III- Listado de 120 entidades en lista de agarda: (CSV): 3U2P8TLMJUR3K2K3.
- Anexo IV- Listado de entidades excluídas: (CSV): 1X81JZS0AATC3S30.



26.33718.- ACORDO DE CONCESIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2024 PARA OS CONCELLOS DE AGOLADA, BAIONA, BUEU, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, A CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, GONDOMAR, O GROVE, A GUARDA, MEAÑO, MOAÑA, MONDARIZ, MOS, NIGRÁN, POIO, PONTE CALDELAS, SALCEDA DE CASELAS, SALVATERRA DE MIÑO, SANXENXO, SILLEDA, TOMIÑO, TUI, VILA DE CRUCES E VILANOVA DE AROUSA.
(Expte.2023072113)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 12 de xaneiro de 2024, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o ano 2024 e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 22 de xaneiro de 2024.

O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 22 de febreiro de 2024, os *Concellos de Agolada, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Gondomar, O Grove, A Guarda, Meaño, Moaña, Mondariz, Mos, Nigrán, Poio, Ponte Caldelas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Tomiño, Tui, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa* presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- Os anteditos Concellos atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non teñen ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2023 e presentaron a xustificación da mesma en prazo.

4º.- O servizo de Benestar Social emitiu informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais de 2024 para ditos concellos e foron informados por Intervención favorablemente nas datas que se indican na táboa constando nos informes a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para os citados concellos para o exercicio 2024.

CONCELLO	DATA INFORME	CSV
AGOLADA	04/04/2024	03JLRZG4OIU57CFX
BAIONA	10/04/2024	K5I8L3OAF40OX6H0
BUEU	04/04/2024	YWYTJJ4UXC5ELNAG
CALDAS DE REIS	04/04/2024	VC2SKIO4GLR81ZFX



CAMBADOS	10/04/2024	IIVSIMPSZRBMJ681
CAÑIZA, A	04/04/2024	WK3KMUH93PR77IQB
CERDEDO-COTOBADA	04/04/2024	X44JUV8AHDP374XK
GONDOMAR	04/04/2024	8W21PFHEXXSG55M1
GROVE O	04/04/2024	837WURQ4SCYIOFVE
A GUARDA	04/04/2024	86ADYY3RT8M23XXL
MEAÑO	04/04/2024	18FJ868RCWSTMSKJ
MOAÑA	03/04/2024	0KE6YZKN4ODEJF73
MONDARIZ	03/04/2024	ZO1QY2UQ9TIAVHD6
MOS	08/04/2024	OSZL1V9WFLJVO67H
NIGRÁN	08/04/2024	YV79BXZ4H0UIO6M8
POIO	10/04/2024	SAXTSAMAMOPEXA5H
PONTE CALDELAS	08/04/2024	DDGND67SABYE7TN
SALCEDA DE CASELAS	09/04/2024	H6PEQEPEF324QHGG
SALVATERRA DE MIÑO	09/04/2024	UVUEU82ZIRE1WAMT
SANXENXO	09/04/2024	VHP11WYWSLPWDQ5
SILLEDA	09/04/2024	OUMKHQEMMPMKDZIA
TOMIÑO	09/04/2024	NTGVHHG4335LQYXU
TUI	09/04/2024	YCT51YQ89BCIU9LX
VILA DE CRUCES	09/04/2024	XB35AR8G4NMV35GC
VILANOVA DE AROUSA	09/04/2024	VT09QIWPP9HHKYIV

5º.- Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2024, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder ós *Concellos de Agolada, Baiona, Buen, Caldas de Reis, Cambados, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Gondomar, O Grove, A Guarda, Meaño, Moaña, Mondariz, Mos, Nigrán, Poio, Ponte Caldelas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Tomiño, Tui, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa* para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2024 as contías seguintes que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial:

CONCELLO	GASTOS DE PERSOAL	FINANCIAMENTO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR	TOTAL
AGOLADA	30.631,62 €	31.097,77 €	61.729,39 €
BAIONA	41.757,14 €	24.572,00 €	66.329,14 €
BUEU	41.757,14 €	24.744,00 €	66.501,14 €
CALDAS DE REIS	41.757,14 €	23.865,00 €	65.622,14 €
CAMBADOS	41.757,14 €	27.628,00 €	69.385,14 €
CAÑIZA, A	41.757,14 €	23.382,86 €	65.140,00 €
CERDEDO-COTOBADA	30.631,62 €	39.999,28 €	70.630,90 €
GONDOMAR	41.757,14 €	29.840,00 €	71.597,14 €
GROVE O	31.834,05 €	35.144,29 €	66.978,34 €



A GUARDA	41.757,14 €	32.824,12 €	74.581,26 €
MEAÑO	41.757,14 €	28.000,00 €	69.757,14 €
MOAÑA	64.008,18 €	38.992,00 €	103.000,18 €
MONDARIZ	44.162,00 €	25.988,21 €	70.150,21 €
MOS	66.413,04 €	35.760,24 €	102.173,28 €
NIGRÁN	66.413,04 €	36.010,00 €	102.423,04 €
POIO	76.336,13 €	34.460,00 €	110.796,13 €
PONTE CALDELAS	41.757,14 €	25.362,29 €	67.119,43 €
SALCEDA DE CASELAS	56.489,95 €	21.140,57 €	77.630,52 €
SALVATERRA DE MIÑO	44.162,00 €	20.096,00 €	64.258,00 €
SANXENXO	66.413,04 €	35.270,00 €	101.683,04 €
SILLEDA	41.757,14 €	41.312,21 €	83.069,35 €
TOMIÑO	41.757,14 €	32.000,00 €	73.757,14 €
TUI	66.413,04 €	34.796,00 €	101.209,04 €
VILA DE CRUCES	41.757,14 €	33.802,32 €	75.559,46 €
VILANOVA DE AROUSA	66.413,04 €	37.835,48 €	104.248,52 €

27.33719.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN DE DATA 22/03/2024 (Nº14.33540) RELATIVO Á “ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE IMPRESIÓN, PREGADO E ENSOBRADO DE CARTAS ORDINARIAS E NOTIFICACIÓN XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ASÍ COMO A SÚA ENTREGA AO OPERADOR POSTAL”. (Expte.2023059720)

Por acordo da Xunta de Goberno nº 5.33237 de data 11 de decembro de 2023, aprobase o expediente de contratación mediante procedemento aberto do “*Servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificación xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra, así como a súa entrega ao operador postal*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de contratación do sector público) en data 12 de decembro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas, memoria xustificativa e a providencia de inicio do expediente co csv 1R9KD5HBZ911GUQN.

No punto 8. da memoria, referente o Orzamento base de licitación, recolle uns importes dos prezos unitarios (costes directos) anterior a aplicación dos costes indirectos (5% dos custos indirectos) e o beneficio industrial (6% dos custos directos + custos indirectos).

Nos pregos de cláusulas económico-administrativas co csv TF1G8B5HLEHHT9GS, na cláusula nº 3, o desglose dos prezos unitarios se establecen sen IVE. Aos prezos finais hai que engadirles os custos indirectos, o beneficio industrial e o IVE, tal e como se aplica na táboa do presuposto do contrato.



Por acordo da Xunta de Goberno nº14.33540 adxudicase contrato do Servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificación xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra, así como a súa entrega ao operador postal á empresa *Consortio de manipulado y servicios postales S.L.* (B-92.621.762).

Considerando que os importes dos prezos unitarios de licitación só recollen o importe dos custos directos, e aos que hai que engadir os custos indirectos (5% dos custos directos) e o beneficio industrial (6% dos custos directos + custos indirectos).

Doutra banda cabe aplicar tamén ao ámbito da contratación pública, tal e como entre outras prevén a Sentenza do Tribunal Supremo, do 27 de maio de 2.009, recurso de casación núm. 4580/2006, que: “*as dúbidas sobre a interpretación das cláusulas contidas nos contratos teñen que realizarse de acordo con o artigo 1.288 do Código Civil, no sentido máis favorable para a parte que subscribise o contrato, xa que a súa escuridade non pode favorecer os intereses de quen os ocasione*”.

A regra do “redondeo de decimais” determina que, se o último “decimal” é cinco ou maior, a cifra anterior auméntase nunha unidade, se é menor de cinco, mantense a unidade que figura, redondeándose os prezos en euros ao número máis próximo con dous decimais, dado que un importe definitivo só teñen que levar dous decimais máximo.

Considerando o prezo ofertado pola empresa adxudicataria *Consortio de manipulado y servicios postales S.L.* (B-92.621.762), para dous anos de contrato por importe de 70.800,00 €, sen IVE, calcúlase a porcentaxe de baixa, que aplícase aos prezos unitarios de licitación.

Os prezos unitarios de adxudicación sen IVE quedan da seguinte forma:

	Prezos unitarios (aplicada a baixa de adxudicación)	Nº de envíos	total
modelo A (ordinaria 1 cara)	0,0364	20000	728
modelo B (ordinario a 2 caras)	0,0379	400000	15160
Modelo C (notificación a 1 cara)	0,0364	20000	728
Modelo D (notificación a 2 cara)	0,04	255000	10200
Follas adicionais (a partir da primeira folla)	0,0086	250000	2150
Impresións adicionais (a partir da primeira folla)	0,0071	400000	2840
Total custos directos 1 ano			31.806,00 €
Custos indirectos (5% custos directos)			1.590,3€
Beneficio industrial (6% custos directos+ custos indirectos)			3.594,00€
Total sen IVE 1 ano			35.400,00€
Total sen IVE 2 anos			70.800,15€



Considerando o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Rectificar o acordo nº14.33540 de data 22 de marzo de 2024, da forma seguinte:

Primeiro: No punto 2 do acordo:

ONDE DI:

E polos prezos unitarios sen IVE seguintes:

modelo A (ordinaria 1 cara)	0,036€
modelo B (ordinario a 2 caras)	0,038€
Modelo C (notificación a 1 cara)	0,036€
Modelo D (notificación a 2 cara)	0,040€
Follas adicionais (a partir da primeira folla)	0,009€
Impresións adicionais (a partir da primeira folla)	0,007€

DEBE DICIR:

E polos prezos unitarios, engadidos os custos indirectos e o beneficio industrial, con e sen IVE seguintes:

	Sen IVE	Co IVE
modelo A (ordinaria 1 cara)	0,0405	0,0490
modelo B (ordinario a 2 caras)	0,0422	0,0510
Modelo C (notificación a 1 cara)	0,0405	0,0490
Modelo D (notificación a 2 cara)	0,0445	0,0539
Follas adicionais (a partir da primeira folla)	0,0096	0,0116
Impresións adicionais (a partir da primeira folla)	0,0079	0,0096

28.33720.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/02/2024 (NÚM.8.33484), NO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A “ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3)”.
(Expte.:2024007601)

Advertido un erro material en relación ó acordo da Xunta de Goberno do día 16 de febreiro de 2024, punto núm. 8.33484, sobre a concesión dunha subvención ó *Concello de Vilagarcía de Arousa* ao abeiro das bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), emito o seguinte informe:



ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.

Segundo.- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 16 de febreiro de 2024, punto núm. 8.33484, aprobouse a concesión dunha subvención ó abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

Terceiro.- No caso do *Concello de Vilagarcía de Arousa*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA					
Data de presentación:		06/02/2024 (registro WEB2024006777)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
35	4 peóns forestais, 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora, 4 peóns instaladores/as electricistas, 5 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 14 peóns axudantes albaneis, 1 peón fontaneiro/a; 4 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 peóns axudantes mantedores/as de instalacións deportivas	500.427,20 €	490.299,60 €	215.861,24 €	284.565,96 €

Cuarto.- Non obstante, comprobouse a existencia dun erro material na transcripción da solicitude do concello ao omitir o tipo de xornada e a duración das contratacións debendo ser o obxecto da subvención o seguinte: 4 peóns forestais, 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora, 4 peóns instaladores/as electricistas, 5 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 14 peóns axudantes albaneis, 1 peón fontaneiro/a; 4 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 peóns axudantes mantedores/as de instalacións deportivas a xornada completa durante 8 meses.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

CONCLUSIÓNS:

Comprobouse que efectivamente se produciu un erro material na transcripción da solicitude do Concello de Vilagarcía de Arousa nos termos descritos anteriormente, polo que se estima pertinente corrixir o acordo para adaptalo á petición do Concello.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do 16/02/2024, punto núm. 8.33484, no referente á subvención concedida ó *Concello de Vilagarcía de Arousa*, CIF núm. P3606000B, de maneira que onde di:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilagarcía de Arousa (P3606000B)	35	<i>4 peóns forestais, 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora, 4 peóns instaladores/as electricistas, 5 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 14 peóns axudantes albaneis, 1 peón fontaneiro/a; 4 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 peóns axudantes mantedores/as de instalacións deportivas</i>	284.565,96 €

Debe dicir:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilagarcía de Arousa (P3606000B)	35	<i>4 peóns forestais, 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora, 4 peóns instaladores/as electricistas, 5 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 14 peóns axudantes albaneis, 1 peón fontaneiro/a; 4 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 peóns axudantes mantedores/as de instalacións deportivas a xornada completa durante 8 meses</i>	284.565,96 €



O resto do texto permanecerá invariable.

Non obstante, o presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 16 de febreiro de 2024, punto núm. 8.33484, no referente á axuda concedida ó *Concello de Vilagarcía de Arousa*, CIF P3606000B, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilagarcía de Arousa (P3606000B)	35	4 peóns forestais, 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora, 4 peóns instaladores/as electricistas, 5 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 14 peóns axudantes albaneis, 1 peón fontaneiro/a; 4 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 2 peóns axudantes mantedores/as de instalacións deportivas a xornada completa durante 8 meses	284.565,96 €

2. Darlle traslado do acordo ó *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

29.33721.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE PONTEARNELAS (Expte. 2024016994).

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 08/03/2024, mediante rexistro WEB2024016166, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha solicitude do *Concello de Vilanova de Arousa* (rectificada mediante rexistro WEB2024025848 de data 18/04/2024) na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª e 23ª das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 156.148,91 euros, co obxecto do investimento “ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (PEID)_RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE PONTEARNELAS”, cuxo orzamento ascende 226.983,39 euros. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda solicitada, por importe de 70.834,48 euros, ao Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención que solicita	Achegas doutras administracións (PEID)	Fondos propios do Concello
226.983,39 €	156.148,91 €	70.834,48 €	0,00 €

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar así como convenio de cesión dos terreos precisos para levar a cabo a execución da actuación; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso declaración responsable ante a administro titular da estrada EP-9703.

A petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.

A execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 23/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Vilanova de Arousa*, CIF: P3606100J, ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, por importe de 156.148,91 € co obxecto do financiamento do investimento da achega municipal ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID) do investimento “*Renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Pontearnelas*” (Expte. 2024016994), cuxo orzamento ascende 226.983,39 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa

Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións (PEID)	Fondos propios do Concello
226.983,39 €	156.148,91 €	70.834,48 €	0,00 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerarase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID) e realizaranse as oportunas operacións de formalización.



- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID) aprobado por acordo da Xunta de Goberno 2.33272 de 15/12/2023 (BOPPO nº 245 do 22/12/2023)
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

30.33722.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS “RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE PONTEARNELAS” (Expte.2024016783)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do *Concello de Vilanova de Arousa* o importe que lle corresponde é de 70.834,48€.

En data 08/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024016171), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Vilanova de Arousa, emendada nas datas 13/03/2024, 22/03/2024, 18/04/2024, 19/04/2024 e 22/04/2024 (núms. rexistro WEB2024017005, WEB2024018897, WEB2024025844, WEB2024026183 e WEB2024026473), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 70.834,48 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Pontearnelas*”, cun orzamento de 226.983,39€ e unha achega municipal de 156.148,91€ solicitada a través do Plan + Provincia 2024 (Expte. 2024016994).



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 22/04/2024 (CSV: IGMBL9XB10HUYAJ).

Así mesmo, o 22/04/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: QCM2T66VBJVTNRZ9) e a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: 4R027MY90YJ0HS1D).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

REXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.



CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Vilanova de Arousa relativa ao financiamento do investimento denominado “*Renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Pontearnelas*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 70.834,48€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilanova de Arousa*, CIF P3606100J, a cantidade de 70.834,48€ con destino ao financiamento do investimento “*Renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Pontearnelas*” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 226.983,39€ e unha achega municipal de 156.148,91€, solicitada a través do Plan + Provincia 2024. A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

31.33723.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL) PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS 2022 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (Expte. 2023075150)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 30/01/2024, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de illas ecolóxicas do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*”.



O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 31/01/2024. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22/02/2024, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, que son as seguintes:

- ALQUI ENVAS S.L. (CIF: B255335332)
- BAYGAR S.L. (CIF: B12019659)
- COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo Promoción de Emprego e Desenvolvemento local.

Recibido informe do servizo do Promoción de Emprego e Desenvolvemento local, de data 13/03/2024 (CSV: OP6PJFATVH9ICJ4P), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21/03/2024, presta conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas, propón ao órgano de contratación a exclusión das empresas ALQUI-ENVAS S.L. e BAYGAR S.L., que achegan oferta, xa que presentan unha proposta incompleta, sen dar resposta a tódolos requisitos obrigatorios que se esixen no prego de prescricións técnicas, polo que non acadan o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor.

A continuación procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, da empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962), que acada unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, sendo os valores ofertados os que constan no certificado da Mesa de data 01/04/2024 (CSV: UO29X05I6IGR2JGZ).

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 04/04/2024, procede a efectuar a ponderación dos valores ofertados de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas. As puntuación totais acadadas pola empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962) constan no certificado da mesa de data 05/04/2024 (CSV: SLYALLGB9UHWAHNZ).

Unha vez examinada a oferta, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 04/04/2024 acordou aprobar a clasificación da oferta presentada pola empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962) que concorre neste procedemento aberto, de forma que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor do licitador COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962) polos prezos e valores ofertados.



Mediante Resolución Presidencial número 2024002730, de data 09/04/2024, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ao licitador que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de **dez días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

O licitador presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2024026289), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.390,00 € (carta de pago con número de operación 202400084574, de data 18/04/2024).

Visto o informe emitido polo xefe do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, de data 23/04/2024, que indica o seguinte:

“(…) con data 5 de marzo de 2024, o Ministerio autoriza a modificación do cronograma con ampliación de prazo para a execución do proxecto, solicitada pola Deputación de Pontevedra, ata o 31 de decembro de 2024 (compártese no expediente).

(…)

“(…) En consecuencia, tendo en conta que se tivo que iniciar unha nova licitación, que afecta aos prazos de execución, e os tempos para a tramitación do expediente e tendo en conta a autorización do Ministerio ata o 31 de decembro de 2024 propónse para a execución en forma do contrato que o prazo se estableza en 3 meses. (…)”

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de datamining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adjudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir as empresas ALQUI-ENVAS S.L. e BAYGAR S.L., que achegan oferta, xa que presentan unha proposta incompleta, sen dar resposta a tódolos requisitos obrigatorios que se esixen no prego de prescricións técnicas, polo que non acadan o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

2.- Adxudicar o contrato de “*Subministración de illas ecolóxicas do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciada polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*” a empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF: B15467962) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 90.668,96 €

IVE (21 %): 19.040,48 €

Importe total ofertado: 109.709,44 €

2. Número de meses de garantía a maiores do mínimo esixido (36 meses): 0 Meses

O prazo de execución será de 3 meses contados a partir da formalización do contrato.

O Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, con data 05/03/2023, concede autorización de modificación do cronograma con ampliación do prazo de execución do proxecto Da túa Man, ampliándose a data límite prevista para a execución do contrato, sen que en ningún caso poida exceder do 31 de decembro do 2024.

A presente modificación non supón unha modificación do importe do contrato senón unha ampliación no prazo de execución do mesmo.

Financiación:

O contrato será financiado de acordo co seguinte detalle:

Fondos propios	Ministerio de Industria, Comercio e Turismo
20 %	80 %



As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2024 financiaranse con cargo a aplicación orzamentaria 24/240.4315.652.99.2023 gastos diversos, promoción de emprego (PROX.: 92310001 DA TÚA MAN 22) ou na súa vinculación xurídica.

Forma de pagamento: Total

Fitos de facturación:

Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación da correspondente factura unha vez distribuído o subministro nos concellos.

A empresa adxudicataria presentará a factura acompañada polas correspondentes actas de entrega asinada entre as persoas representantes da Deputación de Pontevedra e/ou persoal dos concellos e da empresa adxudicataria.

A factura deberá ser presentada unha vez que o servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local comprobe o subministro entregado e con posterioridade á acta de recepción do mesmo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023075150	
Órgano xestor:	LA0007802	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción de emprego.

A empresa adxudicatario deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días hábiles contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

32.33724.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “O TEU ESPAZO XUVENIL” PARA A CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCURRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DESTINADAS A FINANCIAR O EQUIPAMENTO DE LOCAIS DESTINADOS Á MOCIDADE (Expte. 2024002368)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º- A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que lle atribúe a lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenvolver as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude e reto demográfico, poñendo en marcha plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, cón fin de cumprir os obxectivos fixados pola Lei de xuventude de Galicia e en particular pola Lei de impulso demográfico, é dicir, conseguir o impulso demográfico da provincia, acorde cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, desenrolo social, económico e ambiental sostible e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren a nosa provincia como un lugar idóneo para vivir, con independencia do concello de que se trate.

Este reto supón deseñar e executar políticas públicas dirixidas a que todas as persoas, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teñan acceso aos mesmos servizos públicos, en igualdade de condicións, é dicir, acceso á ensinanza e formación non regulada, incluída a virtual, acceso a actividades de ocio e tempo libre para todas as idades, acceso ao Emprego, potenciando de xeito especial a creación de empresas locais, e prestando especial atención á mocidade.

É por iso que se crea o Servizo de Xuventude e Reto demográfico, que ten entre os seus fins promover a participación e o asociacionismo da xuventude da provincia e garantir as condicións necesarias para que a mocidade poida desenvolver o seu proxecto de vida no seu lugar do orixe, non só nos concellos de maior poboación senón tamén naqueles máis afastados das áreas costeiras e/ou urbanas.

2º.- O artigo 34 da Lei 6/2012, de 19 de xuño de xuventude de Galicia, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, establece que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude entre outras nas seguintes áreas:

- Creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á xuventude que se estimasen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.
- Promover o impulso do asociacionismo xuvenil, como canle de participación en todas as ordes da vida municipal.



- O impulso e creación dos consellos locais de xuventude, de conformidade có recollido na Lei de xuventude de Galicia.

Así mesmo, define as formas de participación xuvenil nos asuntos públicos e na sociedade civil fomentando o asociacionismo e a creación dos cosellos locais de xuventude.

3º.- Constituída a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove unha nova liña de actuación subvencional destinada a financiar o equipamento das instalacións e locais de titularidade municipal destinados á mocidade, co fin último de promover o asociacionismo, a creación de consellos locais de xuventude e programar e deseñar proxectos xuvenís que redunden no beneficio da comunidade.

4º.- Por outra banda a Lei 5/2021 de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que as administracións locais, no exercicio das súas competencias rexeranse entre outros principios, polo impulso da participación dos distintos interlocutores sociais, económicos e da cidadanía no deseño e desenrolo de políticas de impulso demográfico. No seu capítulo IV, baixo a rúbrica “Apoio á Xuventude”, fixa os criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade, en particular na formación, impulso ao emprendemento, impulso á innovación, tecnoloxía e creatividade, e relevo xeracional entre outros,

5º.- Tendo en conta os principios reitores recollidos en ambas normas, é prioritario deseñar políticas públicas destinadas a lograr a participación activa da mocidade poñendo en marcha proxectos e actividades de carácter cultural, social, medioambiental, científicas, formativas e calesqueira outras dirixidas a fomentar o seu espírito emprendedor e a participación e a mellora das condicións de vida do seu entorno.

Neste contexto, esta nova liña de subvencións enmárcase dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Así mesmo, o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que, baixo este concepto, lles atribúan as leis e en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

6º.- Aínda que existe unha liña de subvencións específica dirixida a concellos, “Plan Máis Provincia 2024, Liña 1- Investimentos”, promovida polo Servizo de Cooperación, non existe duplicidade no financiamento xa que os concellos destinatarios do “Plan Máis provincia”, non teñen solicitado financiación para a dotación de equipamentos de locais de titularidade municipal destinados á mocidade.

7º.- Por outra banda, o artigo 3.1.g) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, fixa como un dos principios de actuación das administracións públicas a planificación e dirección por obxectivos e o control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas.



Do mesmo modo, o artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que os órganos das administracións públicas deben concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A regulación dos plans estratéxicos de subvencións desenvolveuse no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Concretamente, no seu artigo 12 sinalase que o contido do plan poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, custos de realización e as súas fontes de financiamento, entre outros casos, para as subvencións que, de maneira motivada, se determinen.

Neste mesmo senso, no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, reproducése a mesma obriga en similares termos.

Polo tanto, en cumprimento do disposto na normativa sinalada, elabórase esta memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as fontes de financiamento desta nova liña de subvencións que se pretenden poñer en marcha, destinada a concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, con especial atención aos concellos de reto demográfico, recollidos no seguinte enlace: <https://www.idae.es>

Esta memoria ten carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias.

8º.- De acordo co exposto, a posta en marcha desta liña específica de subvencións responde á necesidade de que a mocidade que reside nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra dispoñan de espazos públicos onde poder reunirse e promover actividades de interese social que redunden en beneficio da comunidade, cumprindo así os obxectivos pretendidos pola Lei de impulso demográfico de Galicia xa citada nos antecedentes.

9º.- A contía destinada a esta convocatoria que ascende a 100.000,00 €, financiarase con cargo a fondos propios da Deputación de Pontevedra, con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, en particular na aplicación orzamentaria 24/233.2310.789.01, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.

10º.- Os custos de xestión non suporán incremento para a Deputación, dado que se realizarán por persoal adscrito ao servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que desenvolverá a súa tramitación. A este respecto, existe persoal cualificado para realizar a tramitación administrativa ligada a esta convocatoria.

11º.- O procedemento de concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, dado que, debido ao obxecto, á finalidade e á natureza das entidades beneficiarias, é interese da propia convocatoria atender todas as solicitudes que reúnan os requisitos exixidos, de acordo cos criterios de reparto que se determinan no Anexo I das presentes bases.



12º.- Desde o punto de vista competencial, o artigo 34 da Lei 6/2012, de 19 de xuño de xuventude de Galicia, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, establece que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude entre outras nas seguintes áreas:

- Creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á xuventude que se estimasen necesarios para garantir unha política integral de xuventude
- Promover o impulso do asociacionismo xuvenil, como canle de participación en todas as ordes da vida municipal
- O impulso e creación dos consellos locais de xuventude, de conformidade có recollido na Lei de xuventude de Galicia

Así mesmo, a Lei 5/2021 de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que as administracións locais, no exercicio das súas competencias rexeranse entre outros principios, polo impulso da participación dos distintos interlocutores sociais, económicos e da cidadanía no deseño e desenvolvemento de políticas de impulso demográfico.

Nesta liña, esta nova convocatoria de subvencións está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

O artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que, baixo este concepto, lles atribuían as leis e en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

13º.- Serán destinatarias destas subvencións os concellos de menos de 20.000 habitantes que figuran no Anexo I das bases reguladoras.

As contías destinaranse a gastos de investimento, segundo se establece na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Establécense como contías máximas dispoñibles para cada concello as detalladas no Anexo I.

Os concellos destinatarios deberán achegar como mínimo un 20% do custo total da actuación subvencionable.

De existir remanente, este será redistribuído de forma proporcional entre todas as entidades solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria, e que acrediten que a aportación propia á inversión supera o 30% do custo total, no caso de concellos de reto demográfico e o 40% no resto de concellos.

14º.- As bases publicaranse conxuntamente co seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións e o prazo de presentación de solicitudes será de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base Nacional de Subvencións.



15º.- A os efectos de esta convocatoria, enténdese por “local destinado á mocidade”, aquel que sexa de uso exclusivo para actividades desenvolvidas pola xuventude, ou aqueles destinados a usos compartidos sempre que se acredite o seu uso pola xuventude de xeito continuado ao longo do ano, cunha ocupación mínima de 1 día á semana.

Serán subvencionables os gastos ou custos relacionados a continuación en inmobles de titularidade do concello solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión por un mínimo de 5 anos seguintes á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Poderán subvencionarse ao abeiro desta convocatoria as seguintes actuacións en:

- Adquisición de equipamentos inventariables necesarios para o funcionamento do local destinado a uso pola mocidade: a adquisición de equipamento e mobiliario básico, equipamento de oficina, equipamento informático e equipamento acústico e audiovisual.
- Outro material inventariable que contribúa á mellora das dotacións e equipamentos dos locais para o uso da mocidade.

Non serán subvencionables os gastos de inversión en obra ou reforma, adquisición de locais, nin gastos correntes de mantemento, tales como material funxible, auga, luz, teléfono, alugueiros de locais, telefonía e calesquera outros de similar natureza.

16º.- As actuacións financiadas deberán executarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024. Finalmente, por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Legislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como pode ser a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional. O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial.

- **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.
- Lei 9/2007, de 13 de xunio, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da LSG.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia.
- Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.



- Lei 5/2021, de 2 de febreiro de impulso demográfico de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente

17º.- Con data 12 de abril de 2024, Intervención emite informe no se indica que a aplicación orzamentaria proposta nas bases 24/233.2310.480.02 considérase correcta, e conta con crédito por importe de 100.000,00 € o que ascende o programa, quedando retido o crédito mediante documento R.C. núm. 202400081345. O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

De acordo có exposto, e ao amparo do artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que son competencias propias das Deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establecido no artigo 109.1.d, e 118 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do programa “O Teu Espazo Xuvenil”: Concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra destinadas a financiar o equipamento de locais destinados á mocidade.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente co (CSV): CYWS7NB63BIIMN0H.

A convocatoria estará vixente ata o 28 de febreiro de 2025, data na que remata o prazo de presentación de xustificacións.

33.33725.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE RODEIRO, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DE SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME” (Expte. 2024012570)

No marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), se lle concedeu ao Concello de Rodeiro as subvencións que se sinalan deseguido:

Investimento	Subvención	Órgano
“Acondicionamento e mellora de lavadoiros (Laxas, Sta. Mariña, Az)” (Expte. 2023006394)	48.339,54 €	Resolución Presidencial nº2023002667 de data 31/03/2023
“Construción dun edificio polivalente denso asistencial, fase IV” (Expte.2023006407)	200.000,00 €	Acordo Xunta de Goberno de Goberno 22.32459 do día 17/03/2023
“Mellora de vías municipais en Rubiás e Guillar” (Expte. 2023006419)	177.910,19 €	Acordo Xunta de Goberno 7.32444 do día 17/03/2023
Importe total concedido	426.249,73 €	



En data 21/02/2024 o *Concello de Rodeiro* con rexistro WEB2024010710, achega o certificado do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 15/02/2024, no que dá conta da desistencia ás finalidades subvencionadas incluídas no Plan Concellos 2022_2023 (anualidade 2023) salientadas no parágrafo anterior, e solicita á Deputación Provincial a aceptación da desistencia e o cambio de destino co obxecto do financiamento dos seguintes investimentos:

Investimento	Orzamento €	Subvención €
Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme	377.910,19 €	377.910,19 €
Mellora de camiño no lugar de Vilela	48.339,54 €	48.339,54 €
IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN SOLICITADA		426.249,73 €

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024001969 de data 08/03/2024, con (CSV):7OKB0QXRMEJV4EN8; Resolución Presidencial Núm. 2024001978 de data 08/02/2024, con (CSV):HPLF4LTQEN0VD62S, e Resolución Presidencial Núm. 2024001976 de data 08/03/2024, con (CSV):5ZM1ULQ8NI9KDR7S, aceptáronse as desistencias formuladas polo concello de Rodeiro, o que deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido, por importe total de 426.249,73 €, na aplicación orzamentaria 2024/942.9425.762,45.2023 dentro do correspondente proxecto de gasto para o financiamento dos novos investimentos que o *Concello de Rodeiro* pretende acometer.

Neste contexto, en data 21/02/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, da petición formal do *Concello de Rodeiro* na que solicita, con cargo ao crédito dispoñible por mor da desistencia, unha subvención por importe de 377.910,19€, con destino ao financiamento “*Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme*” (Expte.2024012570), conforme a un orzamento que se desagrega do seguinte modo: obra por importe 354.104,82 €; asistencia técnica á redacción do proxecto por importe 8.927,02€; asistencia técnica á dirección de obra por importe 11.902,69 € e asistencia técnica á coordinación de seguridade e saúde por importe de 2.975,66 €.

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente, dando resposta aos requirimentos efectuados formalmente pola Intervención Provincial e polo Servizo de Cooperación.

Revisada a documentación, subliñar que cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 para a Liña 1, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación, de data 07/03/2024. Se ben a concesión da subvención deberá quedar condicionada ao outorgamento das autorizacións sectoriais por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, da Deputación Provincial de Pontevedra e do organismo competente en materia de estradas da Xunta de Galicia (AXI).



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 17ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que dispón que unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada. O cambio de finalidade requirirá a autorización expresa da Deputación e se axustará ao procedemento previsto nas bases reguladoras.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 07/03/2024 e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/04/2024, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e visto o informe favorable da Intervención provincial, de data 15/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Rodeiro*, CIF: P3604700I, unha subvención por cambio de finalidade, por importe de 377.910,19 €, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Alceme*” (Expte. 2024012570).

A subvención financia obra por importe de 354.104,82 € e as asistencias técnicas á redacción do proxecto (8.927,02 €), a dirección de obra (11.902,69 €) e á coordinación de seguridade e saúde (2.975,66 €).

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45.2023 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a concesión da presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, da Deputación Provincial de Pontevedra e do organismo competente en materia de estradas da Xunta de Galicia (AXI).
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ademais, conforme o recollido na base 21ª do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado a 31 de decembro de 2024 e xustificado a 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Rodeiro*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



34.33726.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

35.33727.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

36.33728.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

